

Buscar...

INICIO

SALNÉS-CALDAS

BARBANZA

PONTEVEDRA

TAMBRE

DEPORTES

CULTURA

CONTACTO

Inicio > Noticias > Barbanza > Escolares rianxeiros inician a segunda parte do proxecto 'Rianxo divulga'

Escolares rianxeiros inician a segunda parte do proxecto 'Rianxo divulga'



Martes, 29 Novembro 2011



RIANXO> A actividade, promovida pola **Confraría de Pescadores** e polo **GAC Nº 5**, pretende poñer en valor a **riqueza do mar** e da **cultura mariñeira**.

Despois dunha primeira etapa desenvolvida con asociacións e colectivos con necesidades especiais, esta mañá iniciábase unha nova singradura do proxecto de divulgación do sector pesqueiro 'Rianxo Divulga' dirixida esta vez a escolares. A

través desta iniciativa promovida pola confraría de pescadores da localidade e que está financiada polo Grupo de Acción Costeira Nº5, a Consellería do Mar e o Fondo Europeo da Pesca, preténdese dar a coñecer os labores diarios da xente do mar e os recursos que o medio mariño ofrece.

Os pequenos disfrutaron dunha xomada fóra do cotiá, tendo oportunidade de coñecer e mesmo tocar diferentes tipos de mariscos.

Dende a propia confraría valoraron moi positivamente este tipo de xomadas divulgativas dirixidas a escolares, xa que lles permiten coñecer a estrutura e o funcionamento do sector pesqueiro da localidade.

Colexios interesados

Aqueles colexios ou asociacións interesadas aínda en participar neste proxecto xa poden realizar a correspondente inscrición, a través da propia páxina web do proxecto: www.rianxodivulga.org.

Redacción Barbanza

[¿ Como sintonizarnos en TDT ?](#)
